



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 13 DE XUÑO DE 2013

LICENZAS

LIC/882/2012.- MARTIN GARCÍA PRIETO e ANA LORENZO VIEIRO.- Conceder licenza para construción de vivenda unifamiliar na rúa da Revolta.

LIC/653/2013.- MIGUEL ANGUEL TURNES BALSAL.- Conceder licenza para instalación de ascensor exterior na rúa da Estrada, 52.

LIC/735/2012.- MARIA DEL PILAR BERMUDEZ OTERO.- Conceder licenza para construción de alpendre no lugar da Esquipa.

LIC/325/2013.- SUPERMERCADOS CHAMPION, SA.- Conceder licenza para reparación e substitución de forxado na rúa de Montero Ríos, 33.

LIC/261/2013.- Conceder licenza para rehabilitación de cuberta de edificio na rúa de Casas Reais, 10.

LIC/1931/2012.- ELVIRA NUÑEZ PONTE.- Conceder licenza para rehabilitación e ampliación dunha vivenda unifamiliar de planta baixa, planta alta e planta de baixo cuberta na Costa do Veedor, 15.

LIC/467/2012.- SERGIO REMACHA VECINO.- Conceder licenza para rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa de Sar, 63.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZA

LIC/729/2013.- JESUS LEON NOVO.....LIC/86/2010..... 1.500 €

LIC/756/2013.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.....LIC/2105/2004.....
98.528'03 €

4.- Propostas da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativas a axudas de carácter social.

A XGL aprobou axudas de carácter social por un importe de 196,11 € para gastos de actividades escolares. Así mesmo rexeitáronse dúas axudas por non cumprir os requisitos establecidos no programa MAPIS.

5.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial de axuda para vivendas da Área de Rehabilitación do Casco Histórico, incluídas na 13ª fase do convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago. Anualidade 2013.

A XGL aprobou inicialmente estas axudas que suporán unha inversión de 114.127,18 € para a rehabilitación destas vivendas do Casco Histórico e que irán con cargo ó Ministerio de Fomento e ó Instituto Galego de Vivenda e Solo.

6.- Proposta da concelleira delegada de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial da axuda para vivendas da Área de Rehabilitación Integral de Vista Alegre, incluídas na 6ª fase do convenio entre o Ministerio de Fomento, o IGVS e o Concello de Santiago. Anualidade 2013.

A XGL aprobou inicialmente estas axudas que suporán unha inversión de 189.890,14 € para a rehabilitación destas vivendas de Vista Alegre e que irán con cargo ó Ministerio de Fomento e ó Instituto Galego de Vivenda e Solo.

7 a 66.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre bens inmobles, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de acollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

67.- Transmisión da licenza de autotaxi nº 5.

Apróbase a transmisión.

68.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición.

A XGL rexeitou, a proposta da Concelleira de Persoal, un recurso da CIG en relación a períodos de vacacións, licenzas...do Convenio Regulador xa que en relación ó exposto no recurso as decisións da XGL adáptanse á normativa vixente segundo informe da Asesoría Xurídica.

69.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á realización de horas extraordinarias por persoal do departamento.

Comunícase que se autorizou a realización de horas extras para unha funcionaria municipal do Departamento de Tráfico debido á carga de traballo que se concentra estes días en relación á tramitación das solicitudes das cacharelas-sardiñadas de San Xoán.

70.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación da memoria da actividade para a participación nos X XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO.

A XGL aprobou a Memoria da actividade para a participación nos X Xogos do Eixo Atlántico que se celebrarán do 30 de xuño ao 4 de xullo na cidade portuguesa de Guimaraes. Nesta edición está previsto que asistan aproximadamente unhas 23 cidades, entre portuguesas e galegas, o que supón unha participación aproximada de 1.400 deportistas que disputarán a súa hexemonía en 7 deportes diferentes. De Santiago acudirán a esta cita os seguintes clubs:

- Club Natación Ciudad de Santiago
- Atletismo Discapacitados, ASPAS.
- Club Voleibol Santiago.
- Delegación Local de la Federación Galega de Fútbol
- Delegación Local da Federación Galega de Baloncesto

O custe estimado para estas actividades é de 18.905,07 €, dos que a Deputación aporta 5.900 € a través dunha subvención.

71.- Dar conta da concesión de subvencións pola Deputación Provincial da Coruña para o programa de actividades "Santiago Investors Support 2012."

A proposta da Concelleira de Turismo e Economía deuse conta da subvención da Deputación destinada ao Programa Santiago Investors Support 2012 por un importe de 3.199,50 €.

72.- Dar conta da concesión de subvención da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar para a execución de diversas accións formativas para persoas traballadoras desempregas (AFD 2013).

A proposta da Concelleira de Turismo e Economía deuse conta da subvención da Consellería de Traballo para a execución de diversas accións formativas: Operacións de fontanería e calefacción; Montaxe e mantemento de redes de auga; Asistencia á Dirección; Xestión contable e xestión administrativa. Dita subvención ten un importe de 260.838,80 €, o total do custe destas accións polo que non haberá achega adicional.

73.- Dar conta de corrección de erro no punto 2 apartado B) da sesión de 30 de maio de 2013, relativo a solicitude dunha devolución de fianza.

Dáse conta.

URXENCIAS

1.- Dáse conta do informe do xefe do Servizo de Tráfico sobre a concesión de tarxeta de aparcamento para residentes ás furgonetas que non pasen de 5 metros.

2.- Ábrese o prazo para a preinscrición no servizo de comedores e madrugadores. O prazo é do 14 ao 21 de xullo. Colexios: Apóstolo Santiago, Ramón Cabanillas, Quiroga Palacios, Roxos, Monte dos Postes, Rodríguez Xixirei, Fontiñas, Vite e Raíña Fabiola.

3.- Adxudícanse as obras de reposición de firme no Ensanche.

4.- Adxudícanse as obras de reparación e mantemento do edificio do parque Granell, incluídas no plan DTC.

- 5.- Adxudícanse as obras de mantemento da oficina de Turismo de San Lázaro, incluídas no plan DTC.
- 6.- Adxudícanse as obras do reparación do arquivo de San Lázaro, incluídas no DTC.
- 7.- Iníciase o procedemento de adxudicación das obras de reparación do firme da pista polideportiva no parque Pablo Iglesias, dentro do DTC.
- 8.- Adxudícase o subministro de material audiovisual para o CSC de Santa Marta.